



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Exposición pública do padrón da prestación patrimonial de carácter público por recollida de lixo, exercicio 2026

ANUNCIO DA APROBACIÓN DO PADRÓN POLA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO EXERCICIO 2026.

Mediante Decreto de data 25 de febreiro de 2026 aprobouse o padrón da prestación patrimonial de carácter público por recollida de lixo correspondente ao exercicio 2026 e as liquidacións resultantes deste, con expresión do datos identificativos dos suxeitos pasivos, feito imponible e cota tributaria; os que se expoñen ao público para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, durante o prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Durante este prazo, o expediente estará a disposición das persoas interesadas (segundo o recollida no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) na Tesourería Municipal aos efectos de presentar reclamacións, no seu caso.

Contra as liquidacións incorporadas ao padrón os interesados poderán interpor recurso de reposición ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado I) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes, dende a súa interposición.

Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Pontedeume, asinado dixitalmente o día 25 de febreiro de 2026 polo Sr. Alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro.

2026/1178